



CES
GALICIA
Consello Económico e Social de Galicia

Ditame
3/25



DITAME

sobre o

Anteproxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas



APROBADO POLO PLENO O 11 DE XULLO

Todos os documentos do CES poden atoparse en

www.ces-galicia.org

Manuel Martínez Varela, secretario xeral do Consello Económico e Social de Galicia,

CERTIFICO:

que o Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, en sesión celebrada o día 11 de xullo de 2025, coa asistencia dos membros que de seguido se relacionan:

Presidente	Manuel Pérez Álvarez
Secretario xeral	Manuel Martínez Varela

GRUPO PRIMEIRO

CIG	Miguel Malvido Cabirto Natividade López Gromaz Susana Méndez Rodríguez Héctor López de Castro
UGT-Galicia	Jose Carlos Rodríguez del Río Delia irene Martínez Conde Rafael Vázquez García Eladio Romero Ares
CC.OO.	Xesús Castro Baamonde Carlos Pardo Pardo

GRUPO SEGUNDO

CEG	Jose Manuel Maceira Blanco Jose Antonio Neira Cortés Jorge Cebreiros Arce Román Gómez Crespo
-----	---

Laura Otero Rúa
Enrique Miguel Mallón Otero
David Martínez Alonso
Cristina Rama Molinos
Ana Belén Vázquez Eibes
María del Mar Barreiro Mariño
Luís Novoa Rodríguez
Antonio Fontenla Ramil

GRUPO TERCEIRO

UU.AA.	Alba Torreira Puga Jacobó Feijoo Lamas
SLG	Ramón Barreiro Carnota Xosé Pérez Rei
Consumidores	Rosa Otero Raña
Universidade da Coruña	América Álvarez Dominguez
Universidade de Santiago	Edelmiro López Iglesias
Universidade de Vigo	Pablo Cabanelas Lorenzo

acordou emitir por unanimidade o ditame que literalmente se transcribe de seguido:

ANTECEDENTES

1.- En data 21 de abril de 2025 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia (CES) para o seu preceptivo ditame, o Anteproxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas. Este organismo resulta competente para o ditame deste anteproxecto de lei de acordo co previsto no artigo 5 da súa lei de creación (Lei 6/1995, de 28 de xuño). O devandito artigo establece entre as funcións que corresponden ao CES a de emitir ditames de carácter preceptivo ou facultativo, atopándose entre os primeiros aqueles que versen sobre *“Anteproxectos de lei e proxectos de decretos legislativos e plans xerais ou sectoriais que regulen materias socioeconómicas directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galicia. (...)”*.

2.- O texto do anteproxecto foi remitido, nesa mesma data, á presidencia e aos membros da Comisión sectorial número 2 *“Sector público e benestar social”*, competente por razón da materia, para a posterior elaboración do correspondente ditame, co fin de iniciar os traballos de estudo sobre a devandita proposta. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente e aos demais membros do Consello da entrada de solicitude de ditame.

3.- A Comisión sectorial, na súa sesión 6/25, de data 30 de xuño, acordou aprobar a proposta de ditame e remitila á Presidencia do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/25, do 11 de xullo, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o Anteproxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas.

ESTRUTURA E CONTIDO

Tal como se refire na exposición de motivos, esta lei ten por obxecto regular, no marco das competencias que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas estatutariamente, as actuacións e iniciativas que se realicen no ámbito da protección da saúde e a prevención de condutas adictivas das persoas menores de idade.

Este anteproxecto de lei presenta unha estrutura composta por 69 artigos, distribuídos en sete títulos, cinco disposicións adicionais, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

No Título Preliminar: “Disposicións xerais”, artigo 1 a 4, establece os obxectivos xerais e específicos da lei, así como as definicións de aspectos relevantes regulados e os principios reitores.

No Título I: “*Promoción da saúde e prevención das adiccións*”, artigos 5 a 19, abórdase a promoción da saúde e a prevención de adiccións, co obxectivo de conseguir aumentar a percepción de risco ante as adiccións e o fomento de estilos de vida saudables na poboación en xeral e nas persoas menores de idade. No Título II: “Control da oferta”, artigos 20 a 42, establécese unha estrutura clasificada pola substancia, e dentro de cada unha, regúlase a actividade xerada ao redor dela; isto é, a publicidade, a promoción, o patrocinio, a venda, a subministración, o transporte e o consumo.

No Título III: “*Actuacións sanitarias ante intoxicacións por consumo de substancias psicoactivas*”, artigo 43, abórdase a problemática da atención das persoas menores de idade en urxencias debido a intoxicacións por substancias psicoactivas, basicamente bebedeiras. O Anteproxecto sinala que se debe realizar unha actuación máis intensiva para evitar o crecente aumento das devanditas intoxicacións neste tramo de idade.

O Título IV: “*Sistemas de información*”, artigos 44 e 45, regula os sistemas de

información sobre as características dos consumos de substancias en Galicia, a súa prevención e o seu tratamento.

O Título V: “*Organización institucional*”, artigos 46 a 53, regula a organización institucional, a coordinación, e a iniciativa social, establecendo o exercicio das competencias atribuídas a cada unha das administracións públicas galegas, coa finalidade de evitar duplicidades e actuacións solapadas.

O Título VI: “*A inspección*”, artigos 52 e 53, ocúpase dos labores de inspección, aspecto fundamental para garantir o cumprimento das limitacións establecidas.

No Título VII: “*Infraccións e sancións*”, artigos 54 a 69, detállanse as infraccións e sancións.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera necesario que, xunto co anteproxecto de lei, se remita o expediente completo, incluíndo o informe da Asesoría Xurídica correspondente e as achegas recibidas durante o proceso de consulta pública. Esta documentación resulta fundamental para posibilitar unha análise máis rigorosa, completa e fundamentada, acorde coa natureza e coas funcións consultivas do Consello

2.- O CES valora positivamente o plantexamento de intervención social necesario para previr e tratar a existencia de adiccións, tanto a substancias psicoactivas coma as adiccións sen substancias. Sen embargo, este Consello estima que o marco normativo que se propón é xeral e falto de concrecións e compromisos concretos, o que dificulta a súa implementación efectiva. Neste senso, o CES considera necesario que se adopte un enfoque máis coordinado e dotado de recursos para abordar de forma integral os problemas de saúde mental e adiccións na mocidade.

A nomeada dotación de recursos humanos e recursos asistenciais é en especial importante ao falar de medidas preventivas e de promoción da saúde na infancia e na adolescencia cando existe unha clara necesidade de profesionais da pediatría nos centros de saúde e de profesionais de educación física nos centros educativos.

Por outra banda, tamén hai que sinalar a necesidade de recursos cando se fala de actuacións preventivas e intervencións intensivas sobre os grupos de especial vulnerabilidade como os centros de protección de menores, instaurando novamente a figura de enfermeiras/os e médicas/os nos centros, mesmo nas escalas infantís.

3.- O CES considera imprescindible que o anteproxecto inclúa a regulación das novas substancias psicoactivas, tales como as feniletilaminas, triptaminas, piperazinas, catinonas, así como o uso indebido de medicamentos de uso habitual

nos fogares, como as benzodiazepinas, substancias presentes tamén nos patróns de consumo dunha parte cada vez máis significativa da poboación adolescente. Así mesmo, o CES estima oportuno que o texto normativo contemple tamén a problemática derivada das adiccións sen substancia, en particular á telefonía móbil, aos videoxogos, moitos deles de contido violento, e ás redes sociais. Estas adiccións están a xerar un impacto crecente na convivencia familiar e están directamente relacionadas co aumento de infraccións cometidas por menores, especialmente aquelas vinculadas ao uso do móbil, como ameazas, coaccións, acoso, delitos de odio, estafas, vulneracións da intimidade, atentados contra a integridade moral e casos de pornografía infantil.

En consecuencia, o CES propón que se recolla expresamente no anteproxecto a necesidade de abordar estas adiccións mediante medidas específicas de formación e sensibilización dirixidas aos ámbitos educativo e sanitario.

4.- O Consello Económico e Social de Galicia detecta unha ambigüidade significativa ao longo da norma en relación coa protección dos menores e a prevención das condutas adictivas en xeral. O alcance da norma non parece estar moi definido, ao non delimitarse de forma clara e precisa que actuacións están dirixidas especificamente á poboación menor de idade e cales se aplican á poboación en xeral. Para evitar inconsistencias, resulta imprescindible establecer con precisión o ámbito de actuación e os colectivos destinatarios de cada medida, garantindo así unha aplicación coherente e eficaz da Lei.

Así mesmo, o CES considera que se debería valorar a posibilidade de estender determinadas medidas preventivas e de formación ás persoas maiores de idade.

5.- O Consello Económico e Social de Galicia entende que calquera proceso de asignación competencial debe ir necesariamente acompañado da correspondente dotación de recursos técnicos, humanos e económicos que garantan a súa execución efectiva por parte das entidades locais.

Por outra parte, semella que se pretende derivar cara ás administracións locais competencias que, pola súa natureza, deberían manter unha orientación e xestión de carácter global. Unha axeitada coordinación interadministrativa, permite evitar actuacións dispares e favorece a coherencia e a eficacia na consecución de obxectivos comúns para o conxunto da poboación.

Neste senso, as medidas de intervención reguladas nos artigos 40.5, 47 e outros preceptos da norma deben contar cunha dotación orzamentaria suficiente que permita a creación ou o reforzo efectivo dos servizos implicados, en particular os Servizos Sociais Comunitarios Básicos.

6.- O Consello Económico e Social de Galicia considera fundamental reforzar o enfoque educativo e preventivo como eixo prioritario da norma, por riba dun modelo centrado de maneira preferente nas infraccións e sancións. O fomento de hábitos de vida saudables, a sensibilización social e o acceso a recursos formativos deben ser ferramentas centrais para abordar o consumo de substancias adictivas e outros produtos con alto contido en cafeína como son as bebidas enerxéticas.

Neste sentido, compréndese que a Lei aspire a obxectivos ambiciosos en materia de saúde pública, mais convén lembrar que a inclusión de prohibicións de difícil aplicación práctica pode producir efectos contraproducentes. Nomeadamente, no artigo 27 que regula as limitacións ao consumo de bebidas alcohólicas, o CES estima que a introdución de medidas que dificilmente poden ser fiscalizadas ou cumpridas podería minar a credibilidade da norma e transmitir aos menores a percepción de que existen leis que se poden relativizar. Esta potencial distorsión do sistema normativo debe ser evitada cunha redacción máis axustada á realidade social e á capacidade efectiva de control.

Doutra banda, o CES considera necesario reflexionar sobre que a norma establece medidas idénticas ou semellantes para produtos que, pola súa natureza, son moi diferentes, como son as bebidas alcohólicas e as bebidas enerxéticas. Así mesmo, en relación ás limitacións aplicables aos produtos envasados con

alto contido en cafeína como son as bebida enerxéticas, o CES considera que o obxectivo proposto de protección da saúde das persoas menores, resulta valioso e amplamente compartido. Con todo, antes de optar por medidas de carácter prohibitivo, sería desexable reforzar as accións de información, formación e sensibilización e adaptadas á realidade da poboación destinataria. Sen este traballo educativo previo, existe o risco de que determinadas prohibicións resulten pouco realistas ou de escasa eficacia práctica.

En relación á prohibición do consumo de produtos con alto contido en cafeína, como son as bebidas enerxéticas, por parte de menores, bótase en falta que se acheguen os estudos científicos que existan neste ámbito, máis aínda cando esta iniciativa será a primeira a nivel autonómico.

7.- O CES propón a necesidade de corrección do conxunto do texto a nivel idiomático polo emprego de letras non propias do galego, como por exemplo a letra “j” utilizada nos artigos 3 e 4.

CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

Exposición de motivos

Na exposición de motivos da norma obsérvase unha falta de coherencia nas datas de referencia empregadas, así como o uso recorrente de expresións imprecisas como “os últimos datos dispoñibles”, sen que se concrete o ano de procedencia nin se cite a fonte de maneira explícita. Asemade o texto salienta, como dato especialmente preocupante, que o consumo de cannabis entre a poboación menor de idade, segundo estimacións recentes, podería ser ata 4,2 veces superior ao rexistrado no ano 2008, e o CES entende que se deberían identificar os estudos epidemiolóxicos que avalan esta afirmación.

Artigo 1: “Obxecto”

Co obxecto de avanzar na desnormalización do consumo de alcohol na sociedade, o CES considera que se debería analizar se o patrocinio de actividades deportivas e de ocio de bebidas con marcas recoñecibles como de bebidas alcohólicas con etiqueta 00, contribúen á normalización da convivencia con estas marcas en eventos deportivos e de ocio, onde participan maioritariamente menores.

O CES considera que debería ampliarse o contido do **apartado I)** do artigo 1, para incluír tamén a formación sobre a influencia do consumo de substancias psicoactivas en condutas familiares e sociais, así como nos efectos na saúde.

Artigo 3: “Principios reitores da Lei”

O CES considera importante incluír neste apartado unha mención á equidade e á atención preferente ás persoas menores en situación de vulnerabilidade, en risco de exclusión ou con problemas de saúde, en particular de saúde mental.

Artigo 4: “Definicións”

O CES propón que se revisen e amplíen as definicións incluídas no presente artigo, nomeadamente as definicións de uso problemático de tecnoloxías dixitais, videoxogos ou redes sociais. Así mesmo proponse engadir, entre outras, as definicións de uso intensivo, uso problemático e adicción.

TÍTULO I: “ Promoción da saúde e prevención das adiccións”

O CES entende que no que respecta á promoción da saúde e prevención das adiccións, o texto normativo expresa principios e propósitos loables, sen embargo, debería afondar nunha maior concreción dos seus contidos.

Artigo 6: “ Actuacións de promoción da saúde no ámbito das conductas adictivas”

A redacción do punto 1 deste artigo parece situar no mesmo nivel de responsabilidade á Administración Autonómica e ás Administracións Locais no impulso de accións de mellora. Non cabe dúbida algunha que a Sanidade é unha competencia básica das Administracións Autonómicas, polo que o CES considera máis acaída unha redacción na que se inclúa a Administración Autonómica, en colaboración coas Entidades locais.

Artigo 7: “Promoción do non consumo de substancias psicoactivas”

O CES considera que, ademais das campañas “informativas”, debería facerse referencia a outro tipo de accións “formativas” orientadas ao mesmo fin.

Artigo 8: “Prevención do xogo problemático”

En coherencia coas consideracións anteriores, o CES propón engadir no artigo 8 as seguintes expresións:

8.1. “As administración públicas impulsarán, ademais de accións informativas e de sensibilización, outras de carácter educativo que promovan un ocio creativo e saudable ... ”.

8.2. *"As administracións públicas impulsarán accións de formación e sensibilización dirixidas ao persoal docente e sanitario..."*.

Artigo 9: "Promoción do uso adecuado e seguro dos videoxogos, das redes sociais, das tecnoloxías dixitais e dos dispositivos conectados"

En coherencia coas consideracións anteriores, o CES propón engadir as seguintes expresións:

*"As Administracións Públicas levarán a cabo as seguintes actuacións:
9 c) "En colaboración coa Consellería competente en materia de Educación, incorporar no currículo educativo contidos e actividades ..."*

Artigo 11: "Medidas de prevención orientadas á diminución da demanda"

O CES considera que no **apartado 2a**), debería incluírse unha carteira de servizos que contará cun Catálogo de Programas Preventivos, previa consulta da Comisión en Materia de prevención, en función da súa eficacia, efectividade, eficiencia e oportunidade, respondendo así a criterios éticos no manexo de fondos públicos. En dito Catálogo (que se revisará periodicamente, coas incorporacións e eliminacións que se estimen convenientes), incluíranse programas de prevención universal, selectiva e indicada, orientados aos ámbitos de intervención que se describen máis abaixo.

Artigo 12: "Ámbitos prioritarios en prevención"

No **apartado f)**, en opinión do CES debería especificarse que esta vulnerabilidade pode ser por cuestións de xénero, cultura ou sociais.

No **apartado 2**, o CES estima que se deben engadir aspectos relativos ás obrigas concretas da administración para que a promoción dos programas educativos sexan desde unha idade temperá, con enfoque de habilidades para a vida, e garantir a formación de familias, sociedade, profesorado, persoal sanitario, empresas relacionadas e colectivos vulnerables.

Artigo 13. "A prevención no ámbito familiar"

Desde o punto de vista deste Consello, un dos enfoques máis eficaces para sensibilizar e formar ás familias é a creación de escoitas e escolas de familia, por exemplo nos centros de saúde, xa que os nenos e nenas acoden periodicamente a estas instalacións para facer os obrigados controis de saúde.

As escoitas de familias serían espazos onde se pode recibir información sobre as diversas adiccións (drogas, tecnoloxía, xogos, etc.) co fin de sensibilizar ás familias sobre os riscos e sinais de alerta.

Nas escolas de familias, as persoas poderían participar en talleres, charlas e dinámicas que lles permitan comprender mellor as causas das adiccións e como intervir de maneira efectiva en caso de que se detecte un problema.

Estas formacións tamén permitirían establecer vínculos entre as familias, creando redes de apoio mutuo onde compartir experiencias e aprendizaxes.

Ademais, os profesionais da saúde, como médicos, médicas, psicólogos, psicólogas e traballadores e traballadoras sociais, poderían guiar ás familias na implementación de estratexias preventivas e de apoio, aprendendo a identificar sinais temperáns de adiccións nas súas fillas e fillos e como actuar antes de que o problema se agrave.

En resumo, o CES estima que a creación de escoitas e escolas de familias nos centros de saúde, sería unha medida clave para mellorar a educación sobre as adiccións, fortalecer os lazos familiares e mellorar a capacidade de prevención e intervención ante este problema que afecta a moitas persoas e ás súas familias.

Por outra banda, o CES considera conveniente valorar a posibilidade de ampliar os criterios contemplados nos programas de prevención no ámbito familiar, incorporando actuacións dirixidas a reforzar o apoio ás familias e a promover contornas máis saudables e protectoras. Neste senso, propónse:

- Establecer medidas orientadas ao fomento da parentalidade positiva.

- Garantir unha oferta pública e gratuíta de formación dirixida ás familias en materia de prevención da saúde emocional e uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Promover e facilitar actividades de lecer compartido no ámbito familiar, asegurando o acceso de todas as familias mediante programas específicos, como medida preventiva para o fortalecemento dos vínculos afectivos, a mellora da comunicación e o atraso no inicio do consumo de substancias.

Artigo 14: "A prevención no ámbito educativo"

O CES considera que se deberían incorporar profesionais da educación social con formación específica en prevención de adiccións e apoio emocional, permitindo unha intervención integral que favoreza a prevención primaria e secundaria, mellore o clima escolar e potencie a educación integral do alumnado, garantindo unha distribución equilibrada de roles dentro do centro educativo. Así mesmo, sería necesario contar cun gabinete de apoio psicolóxico que, en colaboración co persoal sanitario da Unidade de Saúde Mental Infanto-xuvenil de referencia, puidese axudar ao persoal docente a detectar grupos de risco no alumnado sobre os que poder actuar con programas preventivos de carácter "selectivo" (para alumnado de risco) ou "indicado" (para alumnado que presenta xa incipientes condutas adictivas).

Entres os aspectos a ter en conta na prevención no ámbito educativo o CES considera que no **apartado a)** referente á implicación da comunidade universitaria debería facerse énfase incluíndo *"moi especialmente ao estudantado"*.

O CES tamén propón incorporar a formación entre iguais como estratexia preventiva, formando á mocidade para que sexan axente de saúde, favorecendo a súa identificación coas mensaxes, reducindo resistencias e potenciando o liderado xuvenil como factor protector fronte ás adiccións.

No **apartado g)** debería incorporarse a necesidade tamén de potenciar os programas de prevención de condutas adictivas.

Así mesmo o CES entende positivo engadir novos aspectos a ter en conta tales como establecer programas de prevención integrados no currículo e implicar aos consellos escolares e ANPAs.

En opinión do CES, unha prevención eficaz no ámbito educativo require tempo, coñecemento especializado e metodoloxías pedagóxicas adecuadas, algo que só se pode garantir se se lle dá á educación para a saúde a relevancia que merece; para o que é imprescindible que deixe de tratarse como un tema secundario e pase a ocupar un lugar central e obrigatorio no sistema educativo galego, dende a etapa infantil ata a universidade.

O CES considera que isto é unha medida crucial para crear unha sociedade máis informada, responsable e capaz de afrontar un problema de saúde pública tan complexo.

Artigo 15: “ Prevención no ámbito comunitario”

O CES propón engadir no **apartado h)** a necesidade de involucrar á mocidade na planificación de alternativas de lecer nocturno, consultando os seus intereses e necesidades para deseñar programas que realmente lles resulten atractivos. Así como garantir que as administracións locais ofrezan actividades gratuítas, igualitarias e accesibles durante as noites dos fins de semana, promovendo a diversión e o benestar de maneira segura, sen riscos asociados, e fomentando a participación activa da mocidade.

No **apartado m)** o CES considera que se debería modificar a redacción de xeito que o criterio sexa que se promova dentro do asociacionismo a realización de actividades de promoción da saúde, incluíndo expresamente ás asociacións veciñais e xuvenís ademais dos xa referidos ámbitos educativos, sanitarios, sociais e culturais.

Artigo 16: “A prevención no ámbito sanitario”

Parece necesario incrementar a dotación de recursos humanos e materiais na

Pediatría de Atención Primaria e nas Unidades de Saúde Mental Infanto-Xuvenil para garantir unha atención adecuada, tanto na resposta asistencial como na realización de actuacións preventivas dirixidas á poboación máis nova.

No ámbito da saúde mental, especialmente en menores, resulta imprescindible garantir unha atención áxil e efectiva, dado que se trata dun dereito fundamental cuxo cumprimento é esencial para a protección e benestar desta poboación vulnerable. Isto adquire unha especial urxencia no caso das adiccións, onde a intervención precoz é vital para evitar danos irreparables, tanto psicolóxicos como sociais.

Non deberían existir listas de agarda para menores que padecen problemas de adicción, xa que a demora agrava a súa situación, incrementando os riscos e dificultando a recuperación. A atención inmediata é necesaria para previr o afastamento social, o abandono escolar e a vinculación con ambientes perigosos, así como para evitar a cronificación dos problemas e preservar as oportunidades futuras dos menores.

Por todo isto, é imprescindible que as autoridades competentes prioricen e garantan o acceso rápido a servizos especializados de saúde mental, eliminando calquera tipo de atraso que poida supoñer unha barreira para a recuperación e o benestar dos menores en risco. A saúde mental das novas xeracións debe ser unha prioridade clara e irrenunciable.

Artigo 17: “A prevención no ámbito da hostalaría e a restauración”

No **apartado 1** do artigo 17, o CES quere chamar a atención sobre as especiais características laborais desta actividade, que poden dificultar a realización dun xeito continuo e estable das actividades de formación no ámbito da prevención do consumo de substancias psicoactivas, polo que deben reforzarse as medidas de colaboración coas asociacións do sector.

No **apartado 2**, o CES estima que se debería engadir a promoción e o deseño

de eventos alternativos para a mocidade, organizados ou apoiados por establecementos de hostalaría, baseados en modelos de ocio seguro e libre de alcohol. Incorporar unha oferta destacada de bebidas non alcohólicas, atractivas e accesibles, garantindo unha alternativa de consumo sen renunciar á socialización.

Artigo 18: "A formación no ámbito da hostalaría e restauración"

O CES considera que se debería mencionar no texto do artigo que será no desenvolvemento regulamentario onde se concreten os aspectos básicos que integrarán esta formación.

Artigo 20: "Restricións á publicidade, promoción e patrocinio de bebidas alcohólicas"

O CES considera que esta redacción produce inseguridade xurídica na súa aplicación ao ser complexo dar cumprimento a este artigo no relativo á separación das bebidas alcohólicas dos produtos dirixidos a menores de idade no interior dos folletos publicitarios. Aínda que existen produtos que si están claramente identificados como destinados ao público menor de idade, noutros supostos a ambigüidade da redacción produce inseguridade, tal é o caso de produtos de aperitivos ou snacks e produtos precociñados, entre outros.

Ao non concretarse ou identificarse exactamente cales son os produtos que non poden situarse na mesma páxina que as bebidas alcohólicas, deixaríase ao criterio subxectivo do persoal que leva a cabo a inspección nesta materia.

Artigo 25: "Limitacións á venda, subministración e transporte de bebidas alcohólicas".

O Consello Económico e Social de Galicia quere manifestar a súa preocupación pola falta de equidade nas restricións establecidas para o envío a domicilio de bebidas alcohólicas, que afectan de maneira desigual aos sectores da distribución polo miúdo e da restauración.

Artigo 27: “Limitacións ao consumo de bebidas alcohólicas”

O CES considera que a redacción do **apartado g)** do artigo 27 presenta ambigüidades que poden dar lugar a interpretacións erróneas, ao non resultar claro se o consumo “*naqueles locais non permanentes desmontables, cubertos total ou parcialmente, ou instalacións fixas portátiles ou desmontables pechadas*” está prohibido ou constitúe unha excepción á norma.

Título II, Capítulo II: “Limitacións aplicables ao tabaco, produtos de tabaco e DSLN”

A norma estatal que regula a venda de produtos do tabaco e a prevención do tabaquismo (Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco) ten carácter básico, na medida en que se dita ao amparo da competencia estatal en materia de bases da sanidade (artigo 149.1.16.^a da Constitución española).

Ademais de revestir o carácter de lexislación básica tamén fixa as “condicións básicas” de certos dereitos e deberes, ao ser ditada ao amparo da competencia estatal regulada no artigo 149.1. 1.^a da Constitución española.

A teor deste carácter básico e regulador das condicións básicas da normativa sinalada, sen entrar no seu aspecto substantivo, aprécianse algunhas mencións da normativa proxectada que poden contradicir dita regulación e que, en consecuencia, levan a solicitar a valoración da súa non inclusión no texto do Anteproxecto, así por exemplo unha mención máis ampla da prohibición de emitir imaxes, cine ou series que conteñan imaxes relacionadas co tabaco.

Artigo 34: “ Limitacións á publicidade e patrocinio”

O CES considera salientable a especificidade coa que esta norma regula o cannabis, cando entende que as esixencias normativas deberían aplicarse con igual rigor a outras substancias consideradas aditivas e/ou prexudiciais para a saúde e que non están expresamente reguladas.

Artigo 38: “Publicidade, promoción e patrocinio de bebidas enerxéticas”

En coherencia coa consideración realizada ao artigo 20, o Consello Económico e Social de Galicia entende que, no desenvolvemento regulamentario desta norma, deberíase definir con claridade cales son os produtos que non poden situarse na mesma páxina que as bebidas enerxéticas.

Artigo 40: “Limitacións ao consumo, venda, subministración e transporte das bebidas enerxéticas”

En coherencia co sinalado na consideración xeral a este respecto, co obxectivo de dotar de maior consistencia e fundamentación científica á norma, o CES considera importante que se identifiquen expresamente os estudos científicos e técnicos nos que se basea a prohibición do consumo de bebidas enerxéticas por parte de menores.

En relación ao **apartado 6** do artigo 40, o CES quere chamar a atención sobre a dificultade que implica para a distribución a recolocación das bebidas enerxéticas en espazos claramente diferenciados e aos mesmo tempo separados dos refrescos. Isto supón un cambio na implantación dos distintos establecementos comerciais que, debido á heteroxeneidade dos mesmos en canto a dimensións, tamaños etc..., non sempre será de fácil cumprimento.

Artigo 43: “Actuacións sanitarias ante intoxicacións por consumo de substancias psicoactivas”

Tendo en conta que a presente Lei establece e cuantifica as posibles sancións derivadas do consumo na vía pública de determinadas substancias, o CES de Galicia considera que, no caso de reiteracións de situacións de intoxicación, a norma debería avanzar máis alá da formulación actual, que contempla un ofrecemento voluntario, e valorar a incorporación do carácter obrigatorio da participación, tanto do menor como da súa contorna familiar, nun programa de intervención e apoio especializado.

Artigo 44: “ Sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas”

O Consello Económico e Social de Galicia considera que entre as finalidades do sistema de información sobre o consumo de substancias psicoactivas deberíase incluír expresamente o seguimento e control da aparición de novas substancias que poidan requirir medidas específicas de prevención ou de información, co obxectivo de evitar a súa difusión e reducir os riscos para a saúde das persoas.

Así mesmo, no caso de emerxencia de novas adiccións sen substancia que fagan necesaria unha intervención no ámbito preventivo, sería recomendable que o sistema tamén as incorporase entre os seus obxectivos.

Artigo 47: “Das competencias dos concellos”

O CES quere chamar a atención sobre o feito de que o Anteproxecto estableza como obrigatorias certas competencias e responsabilidades para os Concellos con máis de 20.000 habitantes, sen que exista unha lei estatal que o impoña.

As competencias sanitarias, incluída a prevención, son principalmente da Administración Autonómica. Os Concellos teñen funcións subsidiarias, especialmente en programas comunitarios e na integración social de persoas con trastornos por consumo de drogas. Neste senso, algunhas localidades, de xeito voluntario e segundo os seus recursos, desenvolven Plans Locais de Saúde con medidas preventivas. Non obstante, non todos os Concellos dispoñen dos medios para iso.

Por todo o sinalado, o CES considera que non debe existir unha obriga legal neste sentido, senón que se debería promover a elaboración destes plans nas cidades máis grandes, con apoio técnico e económico da Xunta de Galicia.

Artigo 49: “Composición e funcionamento”

O CES considera que a Comisión en materia de prevención das adiccións das

persoas menores de idade en Galicia debe incluír entre as súas funcións a de establecer propostas no eido do reforzo da responsabilidade pública neste ámbito, garantindo unha actuación directa, eficaz e continuada nas tarefas de prevención, información e intervención.

O CES entende que se debe ampliar a participación na Comisión en materias de prevención das adiccións das persoas menores de idade en Galicia ás organizacións do terceiro sector, nomeadamente ás ANPAS.

O CES entende que debería terse en conta a participación directa nesta Comisión das organizacións sindicais e empresariais máis representativas.

Artigo 51: “Organizacións non gobernamentais e entidades sociais”

O CES considera que a saúde dos menores debe ser protexida como un dereito fundamental, e que corresponde á administración pública garantir este dereito mediante servizos públicos universais e de calidade, sen prexuízo do fomento e apoio ás iniciativas sociais e a colaboración coas organizacións non gobernamentais e entidades sociais establecido neste artigo.

O CES de Galicia considera que a norma debería establecer de maneira expresa que as funcións asignadas a Organizacións non gobernamentais e entidades sociais terán carácter complementario e estarán sometidas á supervisión da Administración Autonómica, que será a responsable de garantir tanto a adecuada formación dos profesionais así como a calidade dos servizos prestados mediante convenio.

Título VI: “A Inspección”

O Consello Económico e Social de Galicia considera necesario afondar na definición da cualificación esixida ao persoal encargado das funcións de inspección, así como na súa dependencia orgánica, tanto no ámbito autonómico como no local, e no desenvolvemento das accións formativas necesarias para o correcto exercicio das súas funcións.

Título VII: “Infraccións e sancións”

O CES considera necesario realizar unha reflexión sobre a proporcionalidade das sancións previstas no texto legal. O CES observa con preocupación a posible desproporción das sancións previstas na Lei no que respecta ao consumo, transporte, tenza ou posesión de bebidas alcohólicas por parte de menores de idade no contexto do denominado “*botellón*”. A tipificación como infracción grave destas condutas, con sancións económicas que oscilan entre os 3.005,07 e os 6.010,12 euros, e que poden acadar entre os 15.025,31 e os 120.202,42 euros en caso de reincidencia, semella, cando menos, excesiva se se atende ao perfil das persoas destinatarias e ao contexto en que se producen estes comportamentos.

Así mesmo, considérase necesario evitar respostas sancionadoras estandarizadas que poidan estigmatizar comportamentos que non sempre implican unha adicción, apostando por un enfoque máis proporcionado, educativo e adaptado á realidade das persoas menores de idade.

Este enfoque sancionador contrasta co tratamento menos detallado que recibe o ámbito da prevención, cunha escasa concreción de medidas, dos recursos ou dos protocolos necesarios para a súa execución efectiva. O CES estima que unha norma con vocación transformadora nesta materia debería poñer o acento na prevención, na educación e na intervención precoz, especialmente no caso de consumos incipientes, máis que na aplicación de medidas punitivas de alto impacto económico.

Neste sentido, o Consello considera fundamental reforzar os equipos profesionais desde o ámbito público, que poida intervir directamente cos menores nos seus contornos máis próximos: a familia, os centros educativos e os espazos públicos onde desenvolven o seu lecer. A aposta por estratexias comunitarias ben deseñadas e implementadas desde os servizos públicos debe prevalecer sobre a externalización sistemática a entidades sociais ou sobre a derivación de funcións a profesionais que, como os orientadores escolares ou os traballadores sociais de servizos comunitarios básicos, xa se atopan frecuentemente saturados ou con equipos insuficientes.

Así pois, existe o risco de que esta norma se converta nun instrumento de boas intencións, pero cunha capacidade limitada de transformación real, sustentada nun enfoque excesivamente sancionador e cun desenvolvemento insuficiente das medidas de carácter preventivo.

Artigo 61: “Substitución das sancións”

Desde a perspectiva do CES, as medidas de substitución das sancións económicas deben enfocarse cara a reeducación e a prevención futura de infraccións, e, en todo caso, os traballos en beneficio da comunidade deben estar relacionados coas condutas infractoras cometidas para que sirvan de forma efectiva como prevención para non volver a cometelas.

O CES considera que os programas e cursos deberían poder ser realizados tamén por proposta da Administración competente.

Disposición Derradeira Terceira: “Entrada en vigor”

O CES solicita que se considere ampliar o prazo de entrada en vigor da lei desde a súa publicación no Diario Oficial de Galicia co fin de que tanto desde a Administración se realicen de forma previa campañas informativas e de concienciación dirixidas a persoas menores de idade e a poboación en xeral; así como para que desde o sector da distribución e dos fabricantes e comercializadores de bebidas poidan afrontar de maneira eficiente as posibles obrigacións que desta nova norma deriven.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Vº e P.

O PRESIDENTE

Manuel Pérez Álvarez

O SECRETARIO XERAL

Manuel Martínez Varela

